# PLAN ESTRATÉXICO 2017

Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061




**Sempre ao teu carón**

XUNTA DE GALICIA

# PLAN ESTRATÉXICO 2017

Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

pe

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde
Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061
Santiago de Compostela, 2014

XUNTA DE GALICIA

## GRUPO DE TRABALLO

## (Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061)

**José Antonio Iglesias Vázquez**. Director.

**María Victoria Barreiro Díaz.** Directora Asistencial.

**Manuel Bernárdez Otero**. Director de Coordinación.

**Mónica Penas Penas**. Directora de Xestión e Servizos Xerais.

**María Caamaño Martínez**. Xefa de Servizo de Atención ao Usuario.

**Teresa Cartelle Pérez**. Responsable da Área de Calidade.

**Xesús María López Álvarez**. Xefe de Servizo de Tecnoloxía e Sistemas da Información.

**Emilia Pérez Meiriño**. Responsable de Transporte sanitario non urxente.

**Luis E. Sánchez Santos**. Xefe de Servizo de Docencia e Investigación.

**José Manuel Aguilera Luque**. DUE Base de Mos.

## GRUPOS DE PARTICIPACIÓN

### 1. Satisfacción das necesidades sanitarias da poboación

### 2. Integración proactiva coa extratexia Sergas

**José Antonio Iglesias Vázquez**. Director da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

**Concepción Abellas Álvarez**. Supervisora Unidade de Enfermaría Hospital do Salnés

**José Manuel Aguilera Luque**. DUE asistencial. Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

**Félix Camiña Blanco**. Xerente UTE Barbanza-Muros Xerente. UTE Salnés-A Estrada

**Alfonso Castro Beiras**. Director da Área do Corazón. CHUAC

**Francisco Contreras Martinón**. Médico Coordinador. Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

**José Garrido Porto**. Xerente GSS Leading Customer Services

**Antonia Gonzalez Araujo**. Subdirectora de Procesos sen Ingreso e Urxencias EOXI Ourense

**Fernanda López Crecente**. Xefa de Sala. Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

**Eloina Nuñez Masid**. Xerente Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

**Félix Rubial Bernárdez**. Director Xeral de Asistencia Sanitaria.

### 3. Xestión da mellora continua

**Teresa Cartelle Pérez**. Responsable da área de calidade. FPUSG-061

**Emilia Pérez Meiriño**. Coordinadora TNU. Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

**Agustín Capón Moure**. Xerente UTE Ambulancias As Burgas

**Francisco Javier Caramés Casal**. Subdirector de Procesos sen Ingresos e Urxencias EOXI Vigo

**Susana Cerqueiro Gómez**. Subdirectora Xeral de Avaliación Asistencial e Garantías

**Javier Cid Vázquez**. Xerente UTE Ambulancias Sil

**Rosalía Codesido Mirás**. Técnico área de calidade. Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

**Miriam Iglesias Castro**. DUE asistencial. Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

**María José Gil Leal**. Xefa de Sala. Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

**María Oreiro**. GSS Leading Customer Services

**Adriana Regueira Pan**. Médica asistencial. Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

**Antonio Rodríguez Nuñez**. FEA Servizo de Urxencias e críticos pediátricos CHUS

**Antonio Rodríguez Rivera**. Xefe de Sala. Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

## 4.Visibilidade na sociedade

**M.ª Victoria Barreiro Díaz**. Directora Asistencial da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

**M.ª Luisa Chayán Zas**. Médica asistencial. Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

**Nazaré Díaz Castro**. Coordinadora Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre

**Antón Fernández García**. OCT CHUAC

**Silvia García Mosteiro**. Médica Coordinadora. Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

**Rodrigo Gómez Ruíz**. Coordinador Plataforma Innovación.

**Andrés Iñiguez Romo**. Xefe de Servizo de Cardioloxía. CHUVI

**Francisco J. Martínez Lores**. DUE asistencial. Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

**Benigno Rosón Calvo**. Subdirector Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información

**José Manuel Vázquez Rodríguez**. Hemodinámica CHUAC

## 5. Sostibilidade

**Mónica Penas Penas**. Directora de Xestión e Servizos Xerais. Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

**Álvaro Alonso Fernández**. Administrador Ambulancias María Pita

**Marisol Caamaño Arcos**. Xefa de Servizo de Atención ao Usuario. FPUSG-061

**María Caamaño Martínez**. Xefa de Sala. Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

**Emilio Camino Fernández**. Director de RREE. XXI A Coruña

**José Manuel Flores Arias**. Xefe de Base Pontevedra. Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

**Antonio Muíño**. Representante. UNESPA.

**Mabel Otero Fernández**. Técnico Contabilidade. Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

**Laura Recacho Rivas**. Subdirectora Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo

**Manuel José Vázquez Lima**. Presidente. SEMES Galicia

**Lourdes Vilachán Angueira**. Subdirectora Xeral de Orzamentos

## 6. Xestión das persoas

**Manuel Bernárdez Otero**. Director de Coordinación. Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

**Rosendo Bugarín González**. Director de Procesos sen Ingresos e Urxencias. EOXI Lugo

**Carmen Díaz**. Responsable do departamento de RRHH e de Calidade. GSS Leading Customer Services

**Sonia Fernández-Arruti Ferro**. Directora de Procesos con Ingreso. CHUS

**Pablo Galego Feal**. Director FEGAS

**Fernando Lamelo Alfonsín**. Servizo HADO. CHUAC

**Javier Paz Esquete**. Subdirector Xeral de Investigación, Docencia e Innovación

**Inés Pérez Barreiro**. Xefa de Servizo de Recursos Humanos. Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

**María Ponte García**. Xefa de Servizo de Relacións Laborais e Réxime Xurídico

**Jorge Puente Hernández**. Xefe de Sala e Presidente da Xunta de Persoal. FPUSG-061

**David Sánchez Campos**. Xefe de Base Ourense. Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

**Luis Sánchez Santos**. Xefe de Servizo de Docencia e Investigación. Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

**EDITA**
Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia - 061

**DIRECCIÓN**
José Antonio Iglesias Vázquez, Director

**REALIZACIÓN Y MAQUETACIÓN**
Marta Castro Pérez, Responsable de Comunicación
Arantza Briegas Arenas, Responsable de Publicacións
Carlos Álvarez Martínez, Servizo de Sistemas e Tecnoloxías da Información

# índice

| | |
|---|---|
| 1.PRESENTACIÓN | 10 |
| 2.ENFOQUE ESTRATÉXICO | 12 |
| 3.METODOLOXÍA | 14 |
| 3.1.Proceso de planificación, fases e actores | 15 |
| 4.REFLEXIÓN ESTRATÉXICA: MISIÓN, VALORES E GRUPOS DE INTERESE DA FUNDACIÓN PÚBLICA | 16 |
| URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061 | 17 |
| 4.1.Misión | 17 |
| 4.2.Valores | 19 |
| 4.3.Grupos de interese da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 | 19 |
| 4.3.1.Identificación | 19 |
| 4.3.2.Análise | 20 |
| 4.3.3. Grupos de interese prioritarios para a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 | 23 |
| 5.ANÁLISE E DIAGNÓSTICO ESTRATÉXICO | 23 |
| 5.1.DAFO | 23 |
| 5.1.1.Análise interna | 23 |
| 5.1.2.Contorno xeral | 23 |
| 5.1.3.Contorno específico | 25 |
| 5.2.Factores críticos de éxito, FCE | 26 |
| 6.VISIÓN DA FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061 | 25 |
| 7.FORMULACIÓN ESTRATÉXICA. EIXES, OBXECTIVOS E MAPAS ESTRATÉXICOS | 27 |
| 8.DESENVOLVEMENTO ESTRATÉXICO: DOS OBXECTIVOS Á ACCIÓN | 31 |
| 9. CONTROL | 43 |
| Cadro de mandos estratéxico | 43 |
| Segulmento dos proxectos estratéxicos | 44 |
| ANEXO-1 RESULTADO DAFO | 55 |
| ANEXO-2 INFORME SOCIODEMOGRÁFICO E ACTIVIDADE | 71 |


Urxencias
Sanitarias
061
SALA DE COORDINACIÓN

A creación dos servizos de emerxencias foi un dos cambios máis importantes na sanidade do último cuarto de século, e supuxo unha mellora drástica no prognóstico das enfermidades máis graves, especialmente, aquelas dependentes do tempo de atención.

O desenvolvemento e implantación progresiva destes servizos cambiou a percepción dos cidadáns sobre a asistencia sanitaria, centrada nos hospitais, para facela máis próxima, accesible e transparente. Así, tense logrado que a atención sexa un servizo que chegue alí onde se necesita, con todos os recursos humanos e materiais necesarios, e no menor tempo posible.

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, con case 20 anos de existencia desde a súa creación en 1995, ten sido, polo tanto, un vector de cambio e desenvolvemento para a sociedade galega en xeral e para o sistema sanitario en particular.

Na actualidade, a marca 061 é recoñecida e altamente valorada por todos os actores en Galicia, desde os cidadáns ata os provedores de servizos. Logrou ademais integrar a atención desde o lugar onde se produce o problema ata o centro onde se soluciona definitivamente, sumando, na súa actividade, aos profesionais de atención primaria da comunidade, e conseguindo que a atención de urxencia sexa un proceso integrado no seu conxunto por todos os profesionais e centros de Galicia.

Un plan estratéxico é a alma, no presente e para o futuro, dunha organización, o elemento que identifica e recolle os compromisos asumidos coa sociedade. A esencia do 061 foi dende a súa creación o liderado e o cambio, máis que para adaptarse ás necesidades da sociedade, para anticiparse a estas e dar a resposta máis segura e efectiva posible no ámbito das urxencias-emerxencias sanitarias.

O plan estratéxico da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 é o eixe director para os vindeiros anos. Nel queda reflectida, ademais de elementos esenciais como a misión, visión e valores, a vontade de ofrecer o mellor servizo posible á sociedade e ao sistema sanitario. Concrétase en diferentes liñas e obxectivos estratéxicos, cos seus correspondentes indicadores, que permitirán valorar, día a día, se o camiño seguido é o adecuado para cumprir os compromisos.

Non se reduce a un documento teórico senón que, a través dunha análise detallada da realidade social galega e da súa evolución no tempo, establece prioridades e retos co fin de conseguir un maior grao de saúde e benestar para todos os cidadáns.

O 061 de Galicia está sempre  ao servizo e a carón dos cidadáns, como reza o lema, "as 24 horas do día, os 365 días do ano". Este plan estratéxico representa a firme vontade de seguir sendo a mellor compañía posible, en todos os momentos en que nos necesiten.

Quero agradecer a todos os profesionais do 061 a súa profesionalidade, o seu compromiso co servizo que prestan, importante para a sociedade, para as persoas, en momentos críticos.

A elaboración do Plan estratéxico require un coñecemento profundo da organización e das necesidades ás que hai que dar resposta, un esforzo de análise e de síntese, un traballo conxunto que merece o noso mellor recoñecemento, porque é un instrumento que axuda a mellorar.

Moitas grazas a todos os participantes na súa elaboración, e aos que cada día traballades para levalo á práctica.

Rocío Mosquera Álvarez
Conselleira de Sanidade

# 1



O Plan estratéxico (PE) é o documento no cal se recolle o que queremos que sexa a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 dentro de catro anos e como pretendemos conseguilo. No plan establécese en que grandes áreas de interese temos que traballar (eixes estratéxicos, como pode ser a satisfacción das necesidades sanitarias da poboación ou a sustentabilidade) e mediante que plans de acción concretos podemos achegarnos ao que queremos.

Elaborar o PE é un traballo que esixe un esforzo importante, pero resulta imprescindible para poñernos de acordo as máis de duascentas persoas que traballamos na Fundación e coñecer como pode contribuír cada un de nós a mellorar día a día a atención aos nosos clientes.

# 2



Nun escenario marcado polo cambio e a transformación, as formas de pensar tradicionais baseadas na repetición histórica, inferindo que o futuro é máis do mesmo, caen abruptamente ante novas realidades.

A sociedade actual e concretamente as súas necesidades en saúde requiren, sen dúbida, para ser satisfeitas dun modo sustentable, de creatividade, innovación, imaxinación e reflexión orixinal. Todo isto cómpre facelo dunha maneira continua, producindo aprendizaxe dos resultados alcanzados e capitalizando experiencia de situacións e escenarios análogos.

A xestión estratéxica, entendida como o proceso sistemático de toma de decisións fundamentado no pensamento estratéxico, débelle valer á Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 para orientar o futuro da organización en relación co seu ámbito. Debe intentar adiantarse ao futuro, deseñalo, sen esquecer o presente.

Esta concepción da xestión implica tres claves fundamentais que non debemos perder de vista:

- Que a organización require momentos, espazos e procesos destinados a pensar sobre ela mesma, reflexión estratéxica e autodiagnóstico, contando coas persoas involucradas.
- Que a organización é un sistema aberto en relación permanente co seu ámbito que, ademais, inflúe e determina a súa actuación.
- Que a xestión debe fixarse metas e liñas de actuación ligadas ao medio e longo prazo, desbotando as actuacións meramente reactivas sen unha reflexión previa, sobre se responde ou non ao noso obxectivo social (misión).

Así pois, este enfoque que parte do marco de referencia estratéxica establecido desde o Servizo Galego de Saúde co plan Estratexia Sergas 2014 da iniciativa e compromiso dos líderes da organización e da dinámica asumida pola Fundación a través do seu modelo de xestión excelente baseado en EFQM constitúen as bases dinamizadoras fundamentais do Plan estratéxico 2017 da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

# 3



Innovación nas formas de comunicar e creatividade nos métodos de traballo son as bases da metodoloxía utilizada no desenvolvemento do proceso de planificación estratéxica. A implicación de todas as persoas que participaron na elaboración deste plan fai posible, ademais, un valor engadido para a organización, baseado na aprendizaxe individual e colectivo inherente a todo proceso de reflexión estratéxica.

Deste modo, a Fundación, adquire en certo grao unha autonomía para avanzar na xestión innovadora e creativa cos seus propios recursos, sen depender de axentes externos.

En definitiva, innovación, creatividade e autonomía son as bases da metodoloxía do proxecto

## 1.1 3.1 PROCESO DE PLANIFICACIÓN, FASES E ACTORES

O deseño do proceso e a metodoloxía que se segue baséase nun modelo secuencial (figura 1) que se constitúe nas seguintes fases: (1) organización, (2) reflexión estratéxica, (3) análise e diagnóstico da situación actual, (4) formulación estratéxica, (5) desenvolvemento e (6) avaliación e control.

- Figura 1




O órgano executivo creado para o desenvolvemento do proceso líder e condutor deste estivo composto por dous elementos funcionais principais:

- Coordinación Estratéxica. Lidera, dinamiza e coordina a acción.
- Comisión de Planificación Estratéxica. Grupo de traballo integrado polos líderes do primeiro nivel da organización e complementado por perfís técnicos.

Os órganos de aprobación, dirección e padroado da Fundación son os encargados de recibir a proposta do PE de parte dos órganos executivos e de, logo de revisalo e debatelo, proceder á aprobación do documento final.

# 4



## 1.1 4.1 MISIÓN

A misión é a razón de ser da organización e defínese mediante que, para que e para quen ten que traballar a Fundación procurando satisfacer os distintos grupos de interese.

Unha vez iniciado o proceso de planificación estratéxica 2017, o Equipo de Planificación (EP) considerou adecuado revisar a definición previa de misión (2008), e determinouse que era adecuada a súa reformulación. A figura 2 recolle a misión da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

- Figura 2

| | |
|---|---|
| Misión<br>Fundación Pública<br>Urxencias Sanitarias de Galicia-061 | Ofrecerlle ao cidadán a solución inmediata máis adecuada ao seu problema de saúde |

O enunciado, conscientemente breve e conciso, inclúe, non obstante, elementos clave que definen a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

- A organización oriéntase cara á **cidadanía**, por e para quen traballa.
- Persegue solucións, non necesariamente definitivas, pero solucións, ser **resolutivos**.
- Busca da **adecuación**, non calquera solución, a máis adecuada para o usuario.
- Respecto polos problemas sanitarios, como **elemento do sistema sanitario**.

## 1.2 4.2 VALORES

Así como a vida social se enmarca en patróns culturais que permiten o desenvolvemento das persoas, as organizacións contan coa súa propia cultura. A cultura organizacional da Fundación é a base para a identidade e o entendemento dos seus integrantes. Permite valorar e xerarquizar as diferentes situacións que o ámbito presenta para darlles respostas adecuadas e coherentes e proporciona capacidade para actuar de maneira estratéxica e eficiente.

O bo ou mal funcionamento da organización está determinado en gran medida pola solidez dos seus valores, os cales funcionan como unha especie de sistema operativo que nos indica a forma adecuada para solucionar necesidades e nos permiten asignarlle prioridade a cada unha. Proporcionan un

sentido de dirección común para todos os membros e establecen directrices para o seu compromiso diario.

A figura 3 recolle os valores organizacionais da Fundación.

- Figura 3

| Liderado | Compromiso cos obxectivos da organización | Seguridade do paciente | Respecto ao medio |
|---|---|---|---|
| Entendido como a capacidade de tomar a iniciativa, xestionar, promover e avaliar a asistencia sanitaria e transporte na urxencia extrahospitalaria, de forma eficaz e eficiente. | Persoas altamente motivadas e comprometidas co adecuado funcionamento da organización. | Como patrón de comportamento integrado dos profesionais e a organización, que busca continuamente reducir o dano que podería sufrir o paciente consecuencia da propia atención. | Organización comprometida coa protección ambiental e o desenvolvemento sostible. |

| Mellora continua | Universalidade accesibilidade e equidade | Orientación ao cidadán. Vocación de servizo | Sensibilidade e respecto |
|---|---|---|---|
| Como dinámica esencial, encamiñada a obter os mellores resultados, en adaptación continua ao noso ámbito. | Servizo para todos, con iguais posibilidades de acceso, de entrada rápida e eficiente ao sistema, que provê o mellor servizo, independentemente da cobertura. | O cidadán está situado no eixe da nosa organización. Protagonista activo do noso traballo. | Organización que considera esenciais as opinións e valores dos cidadáns aos que serve e das persoan que a integran. |

Os valores organizacionais da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 establecen as principais dimensións da organización: dinámicas internas, as relacións coas persoas e usuarios, así como a interacción da organización con seu ámbito social.

A figura 4 recolle graficamente esta idea nun sistema de eixes tridimensional.

- Figura 4




## 1.3 4.3 GRUPOS DE INTERESE DA FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 é parte dun sistema con múltiples interesados na súa boa marcha, pois existen beneficios sinérxicos, grupos que forman parte dunha rede de colaboradores necesarios. Satisfacer as expectativas dos grupos de interese é especialmente importante para una organización como a Fundación, dados os rápidos e profundos cambios no ámbito sanitario, as necesidades dos usuarios, as tecnoloxías e os valores da sociedade.

### 1.3.1 4.3.1 Identificación

Identificáronse sete grandes categorías ou macrogrupos para a análise e clasificación dos grupos de interese da Fundación.

- Xestores/administradores

| |
|---|
| Equipo directivo |
| Patronato |
| Sergas |
| Consellería Sanidade |

- Clientes

| |
|---|
| Usuarios/pacientes |
| Asociacións de pacientes usuarios |
| Usuarios programas especiales |
| Compañias aseguradoras de accidentes de tráfico |
| Mutuas saúde |
| Mutuas accidentes laborais |
| Empresas de risco con plan de emerxencia exterior |

- Traballadores

| |
|---|
| Traballadores sanitarios |
| Traballadoresnon sanitarios |

- Partners

| |
|---|
| Provedores de transporte sanitario/Fegam |
| Provedores de operación telefónica |
| Persoal subcontratado (transporte sanitario) |
| Persoal subcontratado de operacón telefónica |
| Atención especializada/atención primaria |
| Atención primaria |
| Protección civil |
| Centro servicios tecnolóxicos CST |

•

- Outras administracións

| |
|---|
| Administración autonómica |
| Consellería de Traballo e Benestar |
| Administración local |
| Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria |
| Administración de xustiza |

- CompetidoreS

| |
|---|
| Cruz Vermella |
| Outros SEM |
| 112-AXEGA |

- Sociedade

| |
|---|
| Universidades |
| Sociedades científicas |
| CFSE |
| Escola cidadáns |
| Medios de comunicación |

### 1.3.2 4.3.2 Análise

A análise, baseada nunha adaptación da matriz derivada do modelo de poder/interese de Gardner, mostra graficamente o mapa de grupos de interese da Fundación (figura 5). O código de cores representa a valoración respecto do estado actual das relacións entre a Fundación e cada un dos grupos.

- Figura 5

Tras esta análise bidimensional de cada grupo de interese



identificado, o EP conclúe que aqueles grupos encadrados na parte superior esquerda da matriz (maior poder e/ou influencia combinada co alto interese e/ou dependencia sobre a organización) constitúen os principais grupos de interese da Fundación.

Igualmente, tras a análise identificouse que a relación actual entre a organización e os grupos situados no dito cuadrante é percibida polo EP como positiva.

### 1.3.3 4.3.3 Grupos de interese prioritarios para a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

- Traballadores sanitarios
- Equipo sanitario
- Padroado
- Usuarios, pacientes e asociacións de pacientes
- Sergas
- Consellería de Sanidade
- Xunta de Galicia
- Atención primaria e atención especializada
- Traballadores non sanitarios
- Provedores de transporte sanitario/FEGAM e de operación telefónica
- Medios de comunicación

# 5



Este diagnóstico estratéxico baseouse na metodoloxía DAFO, apoiado coa metodoloxía dos factores críticos de éxito. Procurouse detectar as principais fortalezas e debilidades, así como ameazas e oportunidades ás que se ha de enfrontar a organización durante o desenvolvemento do plan.

## 1.1 5. 1 DAFO

O DAFO realizado móstrase ao completo como anexo a este plan (anexo 1).

### 1.1.1 5.1.1 Análise interna

No proceso de formulación da estratexia, a autoavaliación como diagnóstico interno da organización debe ser necesariamente simple e resumida, enfatizando só os puntos fortes e débiles clave no ámbito de cada criterio. A razón é clara, o obxectivo do diagnóstico interno é identificar as fortalezas e debilidades máis importantes para, xunto ás oportunidades e ameazas, construír o DAFO.

### 1.1.2 5.1.2 Contorno xeral

A análise do contorno xeral inclúe a análise da situación actual e previsión futura dunha serie de dimensións, entre as que se incluíron:

- Evolución demográfica
- Situación política
- Situación económica
- Nivel tecnolóxico
- Aspectos legais
- Contorno sociocultural.

Todo isto referido ao ámbito de actuación actual e futuro da Fundación.

- Evolución demográfica

A evolución demográfica, nun sector como o sanitario, alcanza un valor determinante no modo en que condiciona as necesidades e expectativas do sector. O anexo 2 é o informe sociodemográfico 2012-2022. Este informe, de elaboración propia, contén algúns datos relevantes publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) sobre as tendencias demográficas en Galicia para os vindeiros anos.

• Situación política

A este respecto a análise enfocouse nos antecedentes políticos de ámbito  local/rexional e estatal, nos programas dos partidos políticos tanto no goberno coma os que constitúen alternativas.

• Situación económica

A dimensión económica é unha das máis importantes que hai que analizar dentro do contorno xeral. Nese sentido analizouse a evolución recente e previsible dos principais parámetros da economía rexional, estatal e mundial. Entre outros, podemos destacar os niveis de crecemento económico (PIB), a inflación, o déficit público, os tipos de xuro. Valorouse como estas tendencias poden influír na Fundación, tendo en conta que esta se verá afectada directa e indirectamente (orzamentos, provedores...).

• Nivel tecnolóxico

Un elemento fundamental que marca o desenvolvemento da organización é o desenvolvemento tecnolóxico existente e previsible. A situación no ámbito tecnolóxico tamén determina a idoneidade de certos produtos ou servizos, que poden ter substitutos no mercado nun breve espazo de tempo.

• Aspectos legais

A lexislación aplicable no sector e ámbito da Fundación. Algúns dos factores clave analizados son:

- Lexislación sanitaria
- Leis ambientais
- Lexislación laboral
- Protección do consumidor
- Normativa de calidade (certificación de produtos, certificados de empresa...).

• Contorno social

Tivéronse en conta a situación do mercado laboral, as taxas de desemprego, a pirámide de idades, a capacitación dos empregados, a formación profesional e universitaria etc.; tamén se consideraron elementos como a conflitividade social, as folgas etc.

### 1.1.3 5.1.3 Contorno específico

• Competencia actual

Malia hoxe en día a nosa organización non percibir unha competencia clara (en canto a cota de mercado) por parte doutras organizacións, non é menos certo que existe unha clara competencia enfocada a resultados, onde o benchmarking con outros SEM (aínda enmarcados noutros territorios) e organizacións do sector saúde representa unha das forzas ou dimensións que hai que ter en conta respecto da análise do contorno máis próximo da organización. Iniciativas desenvolvidas por outros SEM, comparativas de carteiras de servizos... e, en definitiva, a análise das estratexias que outros desenvolven foron estudadas.

• Competidores potenciais

Estudáronse e analizáronse as posibilidades e viabilidade dun posible desenvolvemento de alternativas, de carácter público ou privado (tanto de prestación, como de xestión...) para competir/substituír a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

• Substitutivos

Os produtos/servizos substitutivos son o resultado da innovación. Os novos servizos xeran novas demandas nos clientes. A innovación non ten que ser necesariamente tecnolóxica, poden ser cambios nos sistemas de traballo, en procesos etc. que impliquen melloras na calidade de servizo.

• Clientes

Aínda que en termos estritos podería considerarse que a nosa clientela xeral (pacientes) é unha clientela "cautiva", sen alternativa, a experiencia mostra que isto non é real. Os datos de demanda actuais da Fundación mostran heteroxeneidade no "consumo" dos nosos servizos entre áreas xeográficas.

Por outra banda, existe unha serie de clientes que non contan con ningún tipo de "cautividade" respecto dos servizos da Fundación (aseguradoras, mutuas, DSRP). Por outra banda, por escasa que poida resultar a capacidade negociadora (en canto acceso) dos clientes, estes determinan en gran modo a imaxe, mediante a valoración de servizos recibidos, da organización. Inflúen ademais directamente na demanda, a rede distribución dos nosos servizos, a calidade e o volume de servizo prestado etc.

• Provedores

Os provedores poden exercitar o seu poder de negociación mediante as subidas de prezos ou reducindo a calidade ou o nivel de servizo ofrecido. Os provedores que se atopan nunha situación de poder poden impoñerlles as súas condicións aos clientes e danar seriamente a súa rendibilidade/imaxe.

## 1.2 5.2 FACTORES CRÍTICOS DE ÉXITO, FC

Na análise estratéxica identificáronse os factores críticos de éxito (figura 6), entendidos como as cuestións clave que a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 debe coidar para chegar ao éxito.

• Figura 6

| | |
|---|---|
| Modelo universal, accesible e permanente para toda a comunidade | Garantir unha accesibilidade 24 horas ao día 365 días ao ano, universal, e de iguais posibilidades independientemente da localización xeográfica do usuario dentro da comunidade autónoma. |
| Persoas capacitadas resolutivas e aliñadas | As persoas como axentes fundamentais na organización, capaces, resolutivas e aliñadas coa estratexia da Fundación. |
| Integración activa coa estratexia Sergas | Integración activa na estratexia Sergas, con afán de liderar a urxencia extrahospitalaria e o trasporte sanitario. |
| Autonomía de xestión | Manter a autonomía en xestión suficiente que facilite o desenvolvemento sincronizado da estratexia. |
| Control de proveedores | Énfase na xestión e control dos provedores, axentes mediadores nos resultado da organización. |

# 6



# VISIÓN DA FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061

A visión como expresión concisa da imaxe que desexamos para a nosa organización no futuro marca no presente o rumbo que debemos seguir.

A visión (figura 7) da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 é, polo tanto, o que a Fundación loita por chegar a ser.

| | |
|---|---|
| Visión<br>Fundación Pública<br>Urxencias Sanitarias de Galicia-061 | Liderar a atención á urxencia e á emerxencia extrahospitalaria en Galicia, de forma integral e centrada no paciente. |

Visión, que recolle como elementos clave os seguintes.

» **Obxectivo fundamental**

Liderar, no sentido literal de marcar o camiño, de ofrecer solucións (o liderado é unha calidade do suxeito -persoa ou organización-, pero observada e avaliada por outros). Expoñemos que queremos ser e como queremos ser recoñecidos.

» **Marco**

Centrámonos nun problema, a urxencia, e nun ámbito, o extrahospitalario de Galicia, pero sen renunciar a outros, extrapolando solucións.

» **Vantaxe competitiva**

Buscamos na integración co resto do sistema a mellor solución aos problemas dos usuarios, auténticos protagonistas da nosa acción.

# 7



# FORMULACIÓN ESTRATÉXICA. EIXES, OBXECTIVOS E MAPAS ESTRATÉXICOS

A estrutura estratéxica da Fundación ha de permitir alcanzar os obxectivos que da misión e da visión se desprenden, concretados en metas que permitan a súa tradución a plans de acción intermedios medibles e alcanzables.

A figura 8 mostra as liñas ou eixes estratéxicos xerais que nos marcan as grandes áreas nas que se vai desenvolver a estratexia, ou o que é o mesmo, indican por onde vai a actuación da organización nos vindeiros anos, enfocada desde a misión ao logro da visión. Recóllense igualmente os obxectivos estratéxicos que deben permitir concretar a acción.

Figura 8

**EE.1 Satisfaccción das necesidades sanitarias da poboación**

OE 1.1 Innovar e adaptar a carteira de servizos a novas necesidades (Diversificación).
OE 1.2 Optimizar a adecuación da atención.
OE 1.3 Potenciar a accesibilidade.

**EE.2 Integración proactiva coa estratexia Sergas**

OE 2.1 Aumentar o dinamismo e proactividade organizativa.
OE 2.2 Desenvolver procesos integrados.

**EE.3 Xestión da mellora continua**

OE 3.1 Avanzar na xestión de procesos.
OE 3.2 Orientar a resultados.
OE 3.3 Aliñar proveedores coa estratexia.

**EE.4 Visibilidade na sociedade**

OE 4.1 Redefinir estratexia de comunicación externa.
OE 4.2 Incorporar a xestión de grupos de interese externos.

**EE.5 Sostibilidade**

OE 5.1 Manter equilibrio presupuestario.
OE 5.2 Manter autoxestión.

**EE.6 Xestión das persoas**

OE 6.1 Manter elevado nivel de capacitación.
OE 6.2 Aliñar con obxectivos da organización.
OE 6.3 Mellorar comunicación interna.

Así mesmo, as figuras 9 e 10 mostran o mapa estratéxico da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 onde se integran eixes estratéxicos ou de primeiro nivel, orientados cara a distintas perspectivas establecidas no modelo Balanced Scorecard, así como as interrelacións entre os distintos obxectivos formulados.

Figura 9 Mapa estratéxico primeiro nivel




Figura 10 Mapa estratéxico segundo nivel



# FORMULACIÓN ESTRATÉXICA. EIXES, OBXECTIVOS E MAPAS ESTRATÉXICOS

# 8



# DESENVOLVEMENTO ESTRATÉXICO: DOS OBXECTIVOS Á ACCIÓN

As seguintes táboas recollen a proposta de acción do equipo de planificación (EP) para o desenvolvemento das estratexias, que deben subministrarlle os resultados á Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 para alcanzar os obxectivos establecidos e, polo tanto, a visión definida.

Recóllense para cada eixe e os seus obxectivos estratéxicos os factores críticos de éxito para cada obxectivo, unha serie de propostas e ideas de acción. Cabe sinalar que primou o fluír de iniciativas e propostas por parte dos integrantes do EP por riba do rigor metodolóxico. Tras a proposta inicial de desenvolvemento realizada polo equipo, realizouse unha xornada de participación na que membros destacados dos principais grupos de interese da organización enriqueceron e melloraron a proposta de partida.

| Eixe estratéxico | Obxectivos estratéxicos | FCE (factores críticos identificados | Propostas de iniciativas/accións/ proxectos |
|---|---|---|---|
| 1.Satisfacción das necesidades sanitarias da poboación | 1.1 Innovar e adaptar a carteira de servizos a novas necesidades (diversificación) | Detección de necesidades. | •Realizar enquisas de necesidades e expectativas anualmente.<br>•Crear grupos focais (polo menos, principais clientes). |
| | | Desenvolvemento de novos servizos adaptados. | •Crear un grupo multidisciplinar de innovación funcional coa misión de propoñer e revisar servizos e/ou programas.<br>•Deseñar un plan para potenciar a consulta sanitaria telefónica.<br>-Estratexias proactivas: HDO, telemonitorización de crónicos (diabéticos, respiratorios, cardiolóxicos...) seguimento altas, coidados coidador.<br>-Estratexias reactivas: redefinir roles, entradas e saídas de consulta de enfermería.<br>-Actualización e avaliación continua de consulta sanitaria.<br>•Crear un plan para asumir transporte urxente interhospitalario, adaptado e individualizado por áreas de xestión integrada. Desenvolvemento en fases por áreas.<br>•Implantar un plan de reordenación de RTSU. Incorporar unidades intermedias sanitarizadas.<br>•Participar no desenvolvemento de pregos de contratación de TNU. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1.Satisfacción das necesidades sanitarias da poboación | 1.2 Optimizar a adecuación da atención | Adecuación de recursos (humanos, físicos, organizativos...). | •Regular o transporte urxente autonómico: definir criterios e procedementos para transporte urxente co resto do sistema.<br>•Incorporar o IANUS. Mellorar o sistema de información, máis e mellor integrado.<br>•Redefinir a RTSU, como rede dinámica, máis integrada con AP e especializada, con maior capacidade resolutiva. Con tres niveis.<br>•Difundir no ámbito rural o 061: campaña desde AP (comunicación externa).<br>•Crear un programa/proceso de seguimento e control de calidade de principais provedores (transporte e telemárketing). Definir un proceso de control de calidade de provedores enfocado ao control de resultados. |
| | | Adecuación de procesos. Procesos tempos dependentes. | •Definir procesos de tempo dependentes desde a entrada no sistema (chamada) ata a transferencia a outro nivel, definindo os indicadores clave destes. |
| | 1.3 Potenciar a accesibilidade | Permanencia do servizo (24 horas e 365 días). | •Crear un plan de continxencia Central de Coordinación do 061.<br>•Ver a iniciativa de control de calidade de provedores.<br>•Contar cun sistema de localización/activación de persoas. |
